

3. Investiga por que se definiu a unidade de masa atómica con esa equivalencia:

$$(1 \text{ u} = 1,6606 \cdot 10^{-27} \text{ kg})$$

4. A cociña de María é de gas butano. Busca a fórmula molecular do gas butano e calcula a súa masa molecular.

5. A Lois gústalle moito tomar leite con azucre. O azucre branco ou azucre común está formado por moléculas de sacarosa de fórmula molecular $\text{C}_{12}\text{H}_{22}\text{O}_{11}$. Calcula a súa masa molecular.

6. A molécula de gas metano é CH_4 . É unha substancia simple ou un composto? Por que?

7. Completa:

- núcleo do átomo está formado por _____ e _____.
- Na _____ do átomo atópanse os _____ xirando arredor do _____.
- Unha molécula é o agrupamento de _____ iguais, dando lugar a _____; ou _____, dando lugar a compostos.
- A masa _____ (M) é a masa dunha _____ expresada en unidades de masa _____.